

GRAO EN SOCIOLOXÍA
TRABALLO DE FIN DE GRAO
CURSO 2012-2013
CONVOCATORIA: XUÑO.

A POBOACIÓN VINCULADA. OCUPADOS E ESTUDANTES EN
GALICIA

LA POBLACIÓN VINCULADA. OCUPADOS Y ESTUDIANTES EN
GALICIA.

LINKED POPULATION. WORKERS AND STUDENTS IN GALICIA.

Alumna: VIQUEIRA PAMPÍN, MARTA

Director: GARCÍA DOCAMPO, MANUEL.

Resumo

A poboación vinculada vén definida polas persoas que se desprazan dende o seu municipio de residencia a outro diferente por motivos laborais, académicos ou porque teñen unha segunda residencia alí. Esta investigación vai facer referencia aos dous primeiros motivos, configurando así o seu tema de estudo e marcándose como obxectivo central obter unha análise detallada dos fluxos de desprazamentos que se establecen na Comunidade Autónoma de Galicia. Empregando o Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001, como fonte principal, preténdese chegar a unha comparación da poboación vinculada e os residentes que achegue unha explicación da carga de poboación que soporta cada municipio. O marco teórico que se achega toma de referencia os anteriores estudos levados a cabo con este concepto, así como contextualiza o fenómeno ao abeiro da estrutura do territorio. A metodoloxía a empregar basarase na análise de fontes de datos secundarios e nos correspondentes cálculos que se propoñen para acadar a comparación final. A conclusión máis importante á que se chega é que este tipo de análises son útiles para obter unha descrición da carga de poboación real dun determinado concello, atendendo á poboación residente e a vinculada.

Palabras clave: Poboación vinculada, poboación residente, Censo de Poboación e Vivendas, áreas urbanas, ocupados vinculados e estudantes vinculados.

Resumen

La población vinculada se define como o flujo de personas que se desplazan desde su municipio de residencia a otro diferente, por motivos laborales, académicos o porque poseen una segunda residencia allí. Esta investigación va a hacer referencia a los dos primeros motivos configurando su tema de estudio en torno a ellos y marcándose como objetivo central obtener un análisis de los flujos de desplazamientos que se establecen en la Comunidad Autónoma de Galicia. Empleando el Censo de Población y Viviendas del año 2001, como fuente principal se pretende llegar a una comparación de la población vinculada y los residentes que proporcione una explicación de la carga de población que tiene que soportar cada municipio. El marco teórico que se incluye, toma de referencia los anteriores estudios llevados a cabo con este concepto, así como contextualiza el fenómeno al amparo de la estructura del territorio. La metodología a emplear se basará en el análisis de fuentes de datos secundarios y en los correspondientes cálculos que se proponen para alcanzar la comparación final y las múltiples interpretaciones y desagregaciones. La conclusión más importante a la que se llegó es que este tipo de análisis son útiles para obtener una descripción de la carga de población real que soporta un determinado municipio atendiendo a la población residente y a la vinculada.

Palabras clave: población vinculada, población residente, Censo de Población y Viviendas, áreas urbanas, ocupados vinculados y estudiantes vinculados.

Abstract

Commuters are the people who move from their house to other town to work, to study or because they have a second house there. This investigation is going to make reference about the workers and the students and the most important objective is get an analysis of the movements that happen in the Autonomus Community of Galicia. Using the *Censo de Población y Viviendas* of the 2001, making for the Nacional Institute of Statistic, like the main source, this investigation wants to make a comparison between the information of the commuters and the residents of a town. This analysis gives details about the population that a council has to bear, including commuters and residents. The theoretic framework that this study includes makes reference to the last studies produced with this concept and connects it with the territory structure. The methodology is the analysis of second facts source and the calculus making with the facts. The most important conclusion of this investigation

is that these kind of analysis are useful to get a description about the amount of population that a council have to bear, including the commuters and the residents.

Key words: commuters, residents, population, Censo de Población y Viviendas, urban áreas, linked workers and linked students.

Agradecementos

Quero agradecer a D. Manuel García Docampo por tutorizarme o presente Traballo Final de Grao, permitirme facer este traballo e guiarme en todo o proceso. Tamén quero mencionar aos meus compañeiros de clase José Varela Seijas, Úrsula Varela Pose e Asela M^a Rodríguez Vilela, polo apoio que me brindaron durante todo este tempo, así como a todas aquelas persoas do meu entorno cercano que sempre estiveron ahí dándome ánimos ata o último momento.

Índice

	<u>Páxina</u>
I. Introducción.....	1
II. Metodoloxía.....	3
III. Fundamentación teórica.....	8
1. Poboación vinculada.....	9
a) Antecedentes.....	9
b) Diferentes termos.....	11
c) Estudos con poboación vinculada.....	11
d) Outros estudos.....	12
2. Estructura do territorio.....	13
IV. Desenvolvemento argumental.....	16
1. Poboación de Galicia.....	16
a) Dende 1900 ata 2011.....	18
b) Cidades galegas.....	20
c) Áreas urbanas.....	24
2. Contextualización metodolóxica.....	28
3. Poboación vinculada de Galicia.....	29
a) Análise dos datos para toda Galicia.....	30
b) Áreas urbanas.....	32
c) Ocupados vinculados.....	34
d) Estudantes vinculados.....	37

4. Comparación de datos de poboación residente cos de poboación vinculada.....	39
a) Poboación de Galicia no 2001.....	39
b) Poboación vinculada.....	40
c) Comparación.....	41
V. Conclusións finais.....	44
VI. Bibliografía.....	46

I. Introducción

Cada día desprázanse en Galicia milleiros de persoas que se dirixen ao seu traballo ou ao seu centro de estudo. Sen dúbida, este é un comportamento social que responde á necesidade básica de poder desempeñar as actividades principais que dirixen a vida dunha persoa e que nos proporciona unha información moi útil á hora de caracterizar as dinámicas de migracións internas e o mercado laboral.

Neste sentido, este traballo ten como tema principal a análise da poboación vinculada, definida como un fluxo de persoas que se desprazan a outro domicilio diferente do da súa residencia para traballar, estudar, ou porque posúen unha segunda residencia nel, se ben aquí só se contemplará a análise das dúas primeiras razóns, pois son as que máis magnitude e información proporcionan.

Deste xeito, a forma de contabilizar estes desprazamentos atenden tanto á poboación que dun municipio concreto se despraza a outro, como aqueles continxentes que non residindo nese municipio se desprazan a el por algún dos motivos explicitados. A poboación vinculada, ao fin, configúrase como un xeito de medir este comportamento social que implica a un gran número de persoas.

Este concepto é relativamente recente, pois só se inclúe en España, con información de todas as Comunidades, no Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001, realizado polo Instituto Nacional de Estadística (INE) pero a tradición de estudo deste fenómeno hai que atopala atendendo ao concepto de commuter, en inglés, ou noutros Censos contemporáneos a este doutros países.

Con todo, esta fonte de datos empregárase nesta investigación para o estudo da poboación vinculada en Galicia. As razóns que levaron ao desenvolvemento do presente traballo atópanse nas reducidas referencias a estudos que atendan a esta comunidade e que presenten un plantexamento similar, pois a orixinalidade deste traballo baséase na desagregación da análise dos datos atendendo a diferentes realidades que se dan na estrutura do territorio, como son as áreas urbanas.

Pero a maiores preténdese relacionar o fenómeno da poboación vinculada cos datos da poboación residente en Galicia, pois preténdese chegar a unha análise que derive na interpretación da carga poboacional que cada concello ten que soportar, tendo en conta ademais da poboación residente, a poboación vinculada, que por así decilo, está de paso nese concello pero que polas actividades que alí leva a cabo, o seu estudo ten unha considerable importancia se se atende a que a planificación ou deseño de políticas de transporte e servizos pode verse influída pola magnitude e distribución destes datos.

Cun marco teórico amplo, que quere contextualizar o tema atendendo a diferentes correntes, este artéllase, por un lado, en torno ás achegas anteriores realizadas co concepto de poboación vinculada e, por outro lado, inclúe a estrutura do territorio como unha contextualización máis ampla.

En canto á metodoloxía que se empregará para alcanzar os obxectivos concretos que se formulan, hai que sinalar que a análise e explotación de fontes de datos secundarios é a base da que se partirá para a interpretación dos datos, se ben será necesario traballar con eles para o cálculo dos datos de poboación vinculada co fin de obter as análises que se prevén.

Neste sentido a orde de exposición correspóndese coa seguinte descrición: en primeiro lugar, expónse a metodoloxía na que se inclúen os obxectivos, a explicación detallada da fonte que se empregará e as técnicas que se utilizarán na análise. A continuación, dispónse a Fundamentación teórica, que como xa se explicou, estará dividida entre as achegas anteriores referentes á poboación vinculada e a contextualización do tema coa estrutura do territorio.

De seguido, abrírase todo o capítulo de Desenvolvemento argumental que se estruturará en catro epígrafes diferentes: atendendo, en primeiro lugar, a unha descrición da poboación en Galicia dende o 1900 ata o 2011. Despois inclúese un pequeno recordatorio da metodoloxía para pasar á análise completa da poboación vinculada dividida por tipos, e por último, unha comparación de datos de poboación residente e poboación vinculada, antes de que se dispoñan as Conclusións finais.

II. Metodoloxía

O propósito desta investigación é obter unha análise da poboación vinculada na Comunidade Autónoma galega. A pesar de que o obxectivo xeral é ofrecer unha explicación o máis ampla posible, pero detallada ao mesmo tempo, deste fenómeno, o carácter novidoso e peculiar, en comparación con outros estudos similares, reside en atender ao concepto de área urbana collido aquí como un conxunto de municipios, tendo en conta a continuidade morfolóxica do espazo construído, a densidade e o crecemento da poboación (Precedo et al., 2008:93).

O cometido agora é explicar polo miúdo en que consiste o fenómeno a estudar, a poboación vinculada, e como será abordado neste estudo, así como as demais explicacións a ter en conta neste apartado de Metodoloxía.

A poboación vinculada é un concepto incluído por primeira no Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001, elaborado polo Instituto Nacional de Estadística (INE). Esta clasificación inclúe tres categorías diferentes que son causa explicativa dos datos finais, polo que se define esta poboación como aquel continxente que desempeña a súa actividade laboral, académica ou posúe unha segunda vivenda noutro concello diferente ao da súa residencia habitual.

Para o presente estudo, as categorías que se van a considerar son as referentes á mobilidade laboral e os deprezamentos por causas académicas, debido a que se constitúen como os casos máis comúns á hora de atopar estudos ao respecto, ao tempo que supoñen os volumes maiores dentro das tipoloxías de poboación vinculada que se establece. A este respecto, a categoría que recolle un maior número de estudos é a que fai referencia ao concepto de *commuter*, entendido como mobilidade por causa laboral e que recibiu diferentes nomenclaturas dependendo do campo de estudo dende o que se mire, como se explicará detalladamente no apartado do marco teórico.

Debido ao carácter novidoso que o concepto de poboación vinculada supuxo no seu momento, por substituír as anteriores clasificacións da poboación censal, como a de poboación de feito ou de dereito, son varios os estudos que se adican a reflexionar acerca das potencialidades e vantaxes da creación desta nova categoría que permite analizar, cunha desagregación a escala municipal, as causas da mobilidade e proporcionar así información sobre a *carga de poboación* de cada concello ao mesmo tempo que se emprega como un predictor de necesidades e políticas (Vinuesa, 2005: 83).

Constituíndose así o Censo do 2001 como a principal fonte para o desenvolvemento do estudo, cabe ter en conta a información que se recolle grazas a esta operación estatística, a súa utilidade e as limitacións en canto a aqueles datos que non se contemplan nesta. Grazas á estrutura do cuestionario censal, na súa parte individual inclúense catro preguntas que serven para a explotación dos datos e derivación na información da poboación vinculada. En concreto, son:

- Onde está o seu lugar de traballo ou estudo?
- Cantas viaxes diarias de ida e volta realiza normalmente dende esta vivenda ata o lugar de traballo ou estudo?
- Como vai normalmente dende a súa casa ata ese lugar?
- Canto tempo tarda normalmente dende a súa casa ata ese lugar?

Con estas preguntas conséguense os datos da poboación vinculada con motivos laborais e académicos, da cal se exclúen os movementos que ocorren no lapso de tempo de medición, neste caso un día, é dicir, as persoas que realizan máis dun desprazamento ao día, porque teñen máis dun traballo ou porque o desempeñan en máis dun lugar (camioneiros, transportistas, etc.). Así mesmo, quedan excluídas as persoas que traballan e estudan ao mesmo tempo e as que realizan a mobilidade por etapas, por exemplo: da casa á escola dos fillos e logo ata o traballo (Jiménez, 2009:170).

A pesar destas dificultades de medición, o Censo de Poboación e Vivendas do 2001 antóxase como a fonte máis fiable para o estudo do fenómeno en España e por conseguinte en Galicia, xa que ofrece esa desagregación municipal, imprescindible para o presente estudo. Con todo, hai que ter en conta as dificultades de rexistro que presenta esta fonte como é o feito da existencia dunha porcentaxe de persoas de difícil recoñecemento que están empadroadas nun municipio pero que residen de forma habitual noutro diferente, como é o caso dos estudantes universitarios ou os traballadores eventuais.

Unha vez explicado polo miúdo o fenómeno principal e como se vai a empregar o Censo de Poboación e Vivendas do 2001 para a súa análise, é preciso agora recordar que esta fonte tamén se empregará para ofrecer unha análise da poboación censal, entendida esta como a poboación residente habitual nun determinado municipio e polo tanto rexistrado nel, atendendo a unha desagregación municipal co fin de obter finalmente unha comparación entre a poboación censal e a vinculada.

Para iso empregaranse diferentes edicións do propio Censo que comprenderán dende o 1900 ata o 2011, tendo en conta que se realizan cada 10 anos. A delimitación por abaixo responde ao desexo de abranguer todo o século XX e deste xeito ter unha perspectiva cronolóxica ampla, mentres que os datos máis recentes corresponderanse co Censo do 2011, por ser o último disponible para este fin.

A este respecto, é preciso incluír aquí a hipótese do estudo, entendida como a formulación que artellará o sentido da investigación en sí mesma e que se constitúe como un fin ao que se pretende chegar coa consecución de obxectivos. Deste xeito plantéxase do seguinte xeito: a carga de poboación que soporta un determinado concello vén determinada pola súa poboación residente e a súa poboación vinculada.

O concepto de carga de poboación refírese a todo aquel continxente que emprega o territorio, entendido como espazo funcional, para diferentes cometidos, xa sexa residir, traballar, estudar ou outras razóns como o ocio ou comerciais, que neste estudo non se contemplan. Deste xeito o que se pretende é aportar unha nova maneira de tratar a poboación nos territorios, en cada un dos seus concellos, para ofrecer unha descrición máis completa que a simple análise da poboación residente.

A formulación desta hipótese hai que entendela como a razón básica da execución do propio traballo, que se configura como o desexo de empregar os datos de poboación vinculada para acadar unha análise que poña en relevancia o tema que se estuda, os desprazamentos diarios por motivos laborais ou académicos e que implican a un gran número de poboación, como se verá.

Deste xeito, partindo desta proposición e unha vez explicitado polo miúdo a fonte que se contitúe como a base desta investigación, cómpre dar conta dos obxectivos concretos a cumprir:

- Analizar a evolución da poboación de Galicia dende 1900 ata o 2011.
- Describir a distribución da poboación no territorio galego, atendendo principalmente ás cidades e áreas urbanas.
- Analizar os datos de poboación vinculada en Galicia, Censo de Poboación e Vivendas 2001.
- Analizar os datos de poboación vinculada para os concellos contemplados nas áreas urbanas de Galicia, Censo de Poboación e Vivendas 2001.
- Desagregar a información anterior segundo as categorías contempladas de poboación vinculada.
- Comparación dos datos de poboación vinculada cos do resto de España.
- Comparar os datos de Poboación do mesmo Censo 2001 coa poboación vinculada.

Debidamente presentados os obxectivos que se pretenden cumprir con este estudo, expostos por orde de execución, só resta explicar agora as técnicas ou medios que se empregarán para levar a cabo a súa realización. A este respecto, o primeiro que hai que sinalar é o emprego, como xa se deduce, de fontes de carácter secundario, como o Censo de Poboación e Vivendas. Estes datos, xunto con outros conseguidos por outras vías serán empregados para a confección do Desenvolvemento argumental do propio traballo, así como tamén serán a base da Fundamentación teórica, no caso da bibliografía consultada para este fin.

Con todo, como xa se explicou, o núcleo central de traballo nesta investigación serán os datos de poboación vinculada que deberán ser tratados e analizados para a súa posterior interpretación e exposición. En concreto, neste sentido cómpre explicar os pasos que se darán para chegar á análise final, pasando, en primeiro lugar, pola elaboración das bases de datos nas que se calcule a poboación vinculada nas dúas categorías contempladas, dun lado os ocupados vinculados a un determinado municipio, e doutro lado, os estudantes vinculados a un determinado concello.

Para a elaboración de ditas bases de datos é necesario a disposición das correspondentes matrices nas que se recollan os fluxos de desprazamentos entre municipios, relacionando a orixe e o destino destes para conseguir finalmente uns continxentes totais que se poidan interpretar atendendo ás desagregacións requeridas. A partir de aquí pódese proceder ao cálculo das poboacións vinculadas que serán interpretadas, como xa se mencionou atendendo á desagregación municipal, primeiramente, e ás áreas urbanas, despois.

A este respecto, hai que salientar o medio de consecución da información base para a construción das matrices e das bases de datos. Neste sentido, a información foi adquirida de xeito directo a través do Instituto Nacional de Estadística que proporcionou, previa solicitude e requerimentos, os microdatos do Censo de Poboación e Vivendas do 2001, coas debidas desagregacións municipais. A partir de aquí foi preciso organizar os datos atendendo ás matrices necesarias de orixe e destino e os posteriores cálculos ata chegar ás bases de datos finais que permiten facer a súa interpretación.

Por último, hai que facer referencia ao Atlas Estadístico de Áreas Urbanas do Ministerio de Fomento (2006) en canto que vai a condicionar aquelas partes do Desenvolvemento argumental, e polo tanto das Conclusións finais, nas que se fagan unha análise en referencia ás áreas urbanas. Neste sentido, están referidos no ANEXO I con detalle os municipios que se inclúen en cada unha das áreas.

III. Fundamentación teórica.

Este apartado configúrase como unha exposición da variedade de aproximacións teóricas que se relacionan co tema a tratar. Sendo consciente de que o concepto de poboación vinculada pode resultar reducido á hora de atopar textos científicos ao respecto, pola súa achega atribuída a unha única fonte, o Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001, as liñas teóricas que se atopan distáncianse deste concepto para debuxar un panorama máis amplo. Se ben esto pode ser positivo, é necesario facer unha labor de recopilación e clasificación das correntes en relación con este tema co fin de obter unha fundamentación teórica o máis rica posible.

Deste xeito, a pesar dos múltiples enfoques que tivo este tema e nomenclaturas diferentes, pódense resumir en dous os campos aquí considerados. Por un lado, a visión máis emparellada co concepto de poboación vinculada, por utilizar as mesmas fontes e os mesmos mecanismos de análise, e por outro lado, unha serie de investigacións que se poden englobar dentro do estudo da estrutura do territorio e que posúen unha relación menos directa co fenómeno principal pero que considero esencial a súa mención para enmarcar esta Fundamentación teórica noutro tipo de estudos.

A pesar de que as liñas de estudo enunciadas poidan parecer demasiado dispares entre sí, en canto ao seu obxecto explicativo, a razón da súa inclusión responde á suposición de similitude entre ambas e que se reflexa no carácter dalgún dos estudos consultados.

A poboación vinculada, por un lado, configúrase como un fluxo de poboación entre municipios, mentres que a estrutura territorial confírmase como unha realidade fixa, articulada, en parte, pola concentración da poboación en determinados asentamentos, co seu máximo expoñente: as cidades, pero que sen embargo determina á súa vez a concentración das actividades económicas en puntos ou áreas concretas e que se configuran en constante movemento e intercambio de bens, capitais e persoas, ao fin.

Neste último caso é onde entra en xogo a súa relación coa poboación vinculada, pois estes intercambios de persoas, concebidos como fluxos, poden dividirse en fluxos migratorios, dun lado, e, por outro, en mobilidade laboral ou tamén por motivos académicos e incluso de segunda residencia, é dicir, a poboación vinculada non residente.

1. Poboación vinculada

Explicado polo miúdo o concepto de poboación vinculada na Metodoloxía, agora é necesario profundizar nos seus antecedentes, no interese do seu estudo, nos diversos traballos que se fixeron ata o de agora aproveitando esta información e os diferentes nomes que recibiu para facer alusión ao mesmo fenómeno.

a) Antecedentes.

Os antecedentes da poboación vinculada atópanse nos anteriores Censos efectuados polo INE, xa que non presentan esta nomenclatura e recollen a información correspondente mediante outros conceptos. Dende o 1897 ata o 1991 o Censo empregou a seguinte clasificación (Vinuesa, 2005:80):

- Poboación de feito: aquela que se atopa no municipio no momento do rexistro censal.
- Poboación de dereito: aquela que reside oficialmente no municipio, é dicir, está rexistrada como residente.

Co fin de cuantificar estas categorías fíxose necesario diferenciar entre as posibles “situacións de residencia” (Vinuesa, 2005:80), reflexadas nos seguintes conceptos:

- Presentes: persoas residentes que no momento censal estaban no municipio e polo tanto rexistradas nel.
- Ausentes: residentes que, a pesar de estar rexistrados no momento censal, non estaban no municipio.
- Transeúntes: persoas non residentes que se atopaban no municipio no momento censal.

Neste contexto, é preciso sinalar que a residencia, en todos os casos, precisa unha situación administrativa que se adquire mediante a inscrición nun rexistro (Vinuesa, 2005:80), polo tanto, dérvase unha relación espacial e un vínculo co territorio sen contemplar razóns laborais ou de ocio.

O Proxecto Censal para o ano 2001 supuxo un cambio na medición en canto a que suprime determinadas categorías contempladas anteriormente que quedan definidas deste xeito:

- Poboación residente: aquela que reside de forma habitual nun determinado municipio e polo tanto está rexistrada nel.
- Poboación vinculada: coxunto de persoas censables (con residencia habitual en España) que teñen algún tipo de vinculación habitual co municipio en cuestión, xa sexa, porque residen alí, porque traballan ou estudan alí, ou porque, non sendo a súa residencia habitual, soen pasar alí certos períodos de tempo aínda que non exclusivamente por motivos vacacionais (Vinuesa, 2005:81).

A verdadeira razón que levou á inclusión do concepto de poboación vinculada no Censo 2001 foi pola escasa utilidade do anterior “transeúnte” e que ofrecía unha escasa explicación da “carga real de poboación de cada municipio, ao tempo que se concibe como un concepto demasiado instantáneo, determinado polo momento da recollida da información. Pero en definitiva, o maior cambio que marcou a diferenza entre o Censo do 2001 e os anteriores foi o reemprazo da poboación de feito pola poboación vinculada.

A creación deste concepto do que vimos a falar, conseguiu abrir todo un novo campo de estudo, non só pola utilidade destas análises senón tamén pola reflexión das potencialidades dos censos (Jiménez, 2009) para medir estes fenómenos de mobilidade que se enmarcan dentro das migracións, como un tipo máis con carácter específico. De feito, o crecente interese polo estudo da poboación vinculada vén propiciado polo incremento das migracións intrametropolitanas, favorecidas pola desvinculación do espazo residencial e de traballo, que caracteriza ao espazo urbano, e que potenciou á súa vez o seu crecemento, desplazando así a actividade económica e a poboación residencial ás áreas periféricas (Jiménez, 2009).

b) Diferentes termos.

Analizados xa todos os aspectos relativos á poboación vinculada e todo o que supuxo en canto á medición da información censal, hai que sinalar aquí o aproveitamento que se derivou desta, adoptando diferentes nomes. Entre eles o máis común é o termo *commuter*, procedente do inglés “*to commute*” que quere dicir “*to travel as a commuter*”, sendo a definición do sustantivo *commuter*: “*one that travels regularly from one place to another, as from suburb to city and back*”. En español non existe unha única palabra para describir este fenómeno, aínda que se observa ocasionalmente o uso de palabras como conmutar, conmutante ou conmutación (Jiménez, 2009:168).

Este termo é o máis usado nas investigacións e fai referencia aos desprazamentos para realizar actividades productivas: traballo ou estudo, que son as que máis tempo e frecuencia empregan e se realizan (Jiménez, 2009: 168). Nos últimos anos este concepto é o que predomina na literatura científica e foi un fenómeno estudado dende diferentes puntos de vista, dende as ciencias sociais ata a ecoloxía, por constituirse como un campo de estudo que fai referencia a diferentes ámbitos.

Atendendo a isto, o termo commuter fai alusión aos desprazamentos por motivos laborais e de estudos, polo que non contempla as segundas residencias, como no caso da poboación vinculada, e, en todo caso predominan os estudos que utilizan este concepto dende o punto de vista exclusivo do traballo, recibindo diferentes nomes segundo os diferentes estudos como por exemplo: mobilidade laboral ou mobilidade cotiá.

c) Estudos con poboación vinculada.

A partir de aquí é necesario pasar a expoñer outra tipoloxía diferente de estudos que versan sobre a relación dos datos de commuters ou poboación vinculada, segundo o caso, con outros fenómenos ou campos relacionados. A este respecto, destacan os estudos que, como no caso do presente, empregan unha metodoloxía similar baseada na elaboración dunha matriz de datos na que se cruce as diferentes unidades espaciais, sendo de orixe e de destino, xa que miden desprazamentos, tomando como referencia base os datos do Censo de Poboación e Vivendas do 2001.

No fin último destas investigacións está a intención de relacionar estes datos con realidades enmarcadas noutros campos de estudo como é o urbanismo, no sentido de que se busca establecer unha relación entre os fluxos de commuting e a estrutura urbana (Viñuela, 2012:139), ao tempo que tamén se empregan para relacionar as teorías de localización empresarial e residencial coa mobilidade laboral e os fluxos de commuting (Llano, 2006:97).

c) Outros estudos.

Para rematar con esta parte da Fundamentación teórica na que se tentou facer unha revisión de todas as tipoloxías de estudos e liñas de traballo que se articularon ao redor do concepto de poboación vinculada, cómpre facer alusión a unha literatura científica clásica, que se concibe como as bases teóricas de numerosos traballos desta rama e, por outro lado, a outros estudos, que empregando diferentes fontes de información, tamén fan alusión ao fenómeno e axudan a completar aspectos que non se soen investigar.

Deste xeito, temos, dunha parte, a teoría da localización, que se ben non fai alusión exclusiva ao fenómeno da poboación vinculada ou ao concepto de commuter, serve de base para o marco ou revisión teórica de numerosos estudos aquí expostos. Esta teoría contribúe a un mellor entendemento dos factores que inflúen nas decisións locacionais a diferentes escalas, tanto residenciais como empresariais, co fin de conseguir unha minimización dos custos de transporte e unha maximización dos beneficios (Goodal, 1977).

A inclusión da teoría da localización nun estudo coma este responde á evidencia de que a distribución da poboación determina os fluxos de poboación vinculada. Esta axuda a determinar os factores que inflúen na elección da localización residencial como son, principalmente: a renda ou ingresos, o acceso aos postos de traballo e o estatus familiar, ademais de outros como: o espazo dentro da vivenda ou os servizos públicos.

Por outra parte, debido á diversidade de teorías e correntes que fixeron referencia á poboación vinculada, e concretamente aos commuters, estudados dende tantos puntos de vista, non é de extrañar que incluso se estudara a repercusión económica deste fenómeno. A este respecto, podemos atopar estudos que collendo de base a revisión de datos de orixe secundario, provintes de enquisas, elaboran unha análise que relacione os custos do transporte ata o lugar de traballo co PIB de cada Comunidade, é dicir poñer en relevancia a importancia económica destes desprazamentos e complementar a análise económica das actividades laborais.

2. Estructura do territorio

Unha vez chegados a este punto, vista xa toda a Fundamentación teórica que rodea o estudo da poboación vinculada, pásase agora a describir polo miúdo a presente parte deste marco que se configura como o estudo da estrutura do territorio. Debido a que se desvía do contexto teórico explicitado ata o momento, faise necesaria a xustificación da inclusión do mesmo neste estudo, a pesar de que xa se comentou ao comezo deste apartado de Fundamentación teórica e ao longo da mesma, algunha das razóns da súa mención.

Deste xeito, só me queda recordar agora que esta aproximación teórica serve para contextualizar mellor o tema de estudo a tratar por esta investigación: a poboación vinculada, pois se ben é un concepto que se restrinxe a unha única fonte de información, o fenómeno en si responde a toda unha

necesidade de visualizar e cuantificar mellor o que ocorre, e poder empregar eses datos para un avance nas políticas de transporte e sociais, ao fin.

A estrutura do territorio, concebida como campo de estudo pode definirse como rica e variada nas súas fundamentacións, pois pode facer alusión a diferentes correntes que traten o tema dende diferentes puntos de vista. O interese da inclusión desta liña de estudo na presente investigación responde á intención de completar as explicacións sobre o tema principal, pois deste xeito o desenvolvemento argumental terá un maior sentido e explicación.

Neste sentido, existen dúas liñas de estudo que coido necesarias para proceder ás correspondentes explicacións: os sistemas de cidades e a teoría da transición territorial.

O sistema de cidades vén a constituirse como unha teoría baseada na aplicación de tres indicadores: índice tamaño- rango, índice Clark- Evans e índice Nelson. Cada un deles precisa datos referidos a cada unha das cidades contempladas, sendo algún deles proxectados no caso de non dispoñer de información (Racionero, 1978). O resultado é unha desagregación de datos e indicadores tal que ofrece unha análise moi detallada que deriva en diferentes modelos de sistemas de cidades que atenden á distribución da poboación, á actividade económica e ás vías de transporte, entre outros indicadores.

A literatura científica ao respecto do sistemas de cidades recomenda que os países fomenten a morfoloxía que máis se adapte: 1) á morfoloxía que xa existe no país, 2) á forma do territorio nacional e 3) so tamaño do país (Racionero, 1978). En España a forma territorial é redondeada, o seu tamaño mediano e o seu sistema prexistente, disperso radiocéntrico.

Na liña de atopar unha explicación á estrutura do territorio español e a súa distribución dos asentamentos atópase a teoría da transición territorial configurado como un modelo teórico que parta da hipótese de que o nivel de desenvolvemento socioeconómico determina o tipo de asentamento preferencial ao que os seus habitantes tenden (García, 2012).

O proceso de transición territorial pódese entender como un cambio dentro dun ciclo de cambios que se pode resumir secuencialmente da seguinte maneira:

- En primeiro lugar, prodúcese un cambio no peso demográfico do rural cara as zonas urbanas.

- En consecuencia, experimentábase un crecemento das cidades compactas cara o seu entorno inmediato.
- Finalmente, este ciclo deriva nunha estabilización dos hábitats, en equilibrio constante.

A isto cabe engadir que todo este proceso, que ten o seu máximo exponente nos continxentes poboacionais, inflúe de maneira recíproca nos cambios socioeconómicos.

Segundo se demostrou, en España cúmplase este modelo de transición de tal xeito que abarca dende os comezos do século XX, no que había unha situación de equilibrio ata 1950 aproximadamente. Logo daríase, entre a década dos 50' e os 70', unha etapa de concentración da poboación nas cidades, coincidindo cos maiores continxentes de éxodo rural, para proceder á desconcentración característica de finais dos 70' e dos anos 80', parella á deslocalización entre o lugar de residencia e de traballo (García, 2012).

A partir de aquí e ata os primeiros anos do século XXI dominaría o equilibrio entre a poboación das cidades e das periferias. Precisamente neste anos, coincidindo coa chegada de inmigrantes e o seu reparto por todos os tipos de hábitats, asistimos a unha situación na que o certo equilibrio reinante consiste en que o rural non expulsa máis poboación pero a cidade e as súas periferias non poden permitirse caídas na súa poboación por atoparse nunha crise de estancamento ou recesión dos seus continxentes (García, 2012).

Para o caso de Galicia, suponse que o patrón de crecemento é similar ao do resto do país, se ben cabe sinalar que esta Comunidade experimentou nos últimos 20 anos un proceso de urbanización tal que situaba o Índice de Urbanización, no ano 2005, no 70% da poboación galega, a cal vivía nunha das sete cidades galegas. Este proceso ten un dobre carácter: por un lado directo, no sentido de que se produciu un crecemento urbano considerable, e, por outro, indirecto, debido ao despoboamento do rural (Precedo, 2008).

IV. Desenvolvemento argumental

Chegados ao punto no que a metodoloxía está determinada e o tema de estudo contextualizado na Fundamentación teórica, a lóxica de traballo impera agora a disposición do Desenvolvemento argumental no cal se executarán os obxectivos explicitados e se describirán polo miúdo todas as achegas que se derivan da aplicación dos procedementos plantexados.

O contido deste Desenvolvemento ten como corpo central a análise da poboación vinculada en Galicia derivada do tratamento da fonte correspondente, atendendo a todos os concellos da Comunidade, ofrecendo unha análise global. De seguido farase fincapé nas áreas urbanas e pasarase posteriormente a unha análise da poboación vinculada desagregada segundo os diferentes tipos establecidos.

Doutra banda, procederase á análise da poboación censal en Galicia, dende o 1900 ata oxe, para poder ver a súa evolución ofrecendo unha desagregación municipal, atendendo en concreto ás áreas urbanas. Rematarase coa distribución da poboación en Galicia e unha posterior comparación de datos da poboación censal cos de poboación vinculada.

1. A poboación de Galicia

O que se presenta a continuación neste apartado é a descrición da poboación de Galicia, co ánimo de establecer, posteriormente, a súa correspondente comparación coas conclusións acadadas na parte central da investigación, na análise da poboación vinculada. Deste xeito, esta análise xoga un papel importante en canto a que se concibe como unha complementación do fenómeno principal e que lle aporta unha carga explicativa importante a este estudo. Empregando para ambas análises a mesma fonte de datos, o Censo de Poboación e Vivendas, utilizarase neste caso as súas diversas edicións que comprenderán dende o 1900 ata 2011, como xa se explicitou na Metodoloxía.

Deste xeito o que se abre a continuación é un apartado no que se analizará a evolución da poboación na Comunidade galega, atendendo á desagregación municipal que proporciona o INE, polo que nun primeiro lugar a análise será de todos os concellos, mentres que, en segundo lugar, atenderase ás áreas urbanas arredor das sete cidades galegas. Por último, engadirase un comentario da distribución da poboación no territorio de xeito que quede esta parte do Desenvolvemento argumental completa.

Debido a que a análise que aquí se presenta abrangue algo máis dun século, as diferencias que se poden atopar con respecto á evolución dos datos son o suficientemente importantes como para observar grandes cambios na poboación galega. De entrada, hai que destacar que no 1900 a poboación galega ascendía a algo máis de 1.900.000 habitantes, mentres que no 2011 xa superaba os 2.700.000. Este incremento poboacional hai que enténdelo baixo unha análise de tipo demográfico atendendo a todos os indicadores que axudan a caracterizar a unha determinada poboación.

En liñas xerais o cambio máis importante que se observou ao respecto da poboación en Galicia neste último século é a denominada Transición Demográfica, a cal se concibe como un modelo explicativo de cambio das tendencias demográficas dunha determinada sociedade e que se caracteriza pola estabilización das súas correspondentes taxas, respondendo aos diferentes indicadores demográficos.

En concreto, supón o reaxuste das taxas de mortalidade e de fecundidade que, a pesar de que seguen evolucións distantes no tempo, ao final conseguen que a taxa de crecemento global se estabilice, tras un proceso de forte incremento provocado polo propio desaxuste das taxas mencionadas que consiste nunha situación inicial na que os valores de ambas son elevados, ao comezo do século XX.

A continuación a taxa de mortalidade decrecerá en primeiro lugar beneficiadas das melloras sanitarias e de hixiene que se van sucedendo ao longo do século, mentres que a taxa de fecundidade decrecerá a un ritmo menor, impulsada por unha cultura da fecundidade cun cambio lento e influenciada polas políticas natalistas de mediados de século. Isto provoca unha situación na que as taxas de crecemento son moi altas en torno aos anos 50' e 60', para despois decrecer como xa se apuntou.

Ademais do xa comentado é preciso ter en conta, á hora de describir os rasgos demográficos da poboación galega, o fenómeno migratorio, que se ben posúe dúas correntes, emigratoria e inmigratoria, en Galicia predominou a primeira. Neste sentido ao longo do século XX sucederéronse diferentes períodos nos que os saldos migratorios eran negativos e polo tanto a tendencia emigratoria era evidente. Este foi o caso de comezos do século, cando os galegos emigraban principalmente a países de América en busca de oportunidades laborais. Posteriormente nos anos da posguerra e nos posteriores 50', volvería a reactivarse as saídas cara os mesmos destinos, e xa para a década dos 60', tornaríase cara a países de Europa.

Deixada atrás esta sucesión de décadas, no recente comezo do século XXI, o cambio nas tendencias migratorias trouxo unha chegada de inmigrantes importantes e a día de hoxe está por determinar o

signo dos fluxos a este respecto, pois, coa actual crise, combínanse a saída de inmigrantes que regresan aos seus países, coa saída, de novo, de españois cara ao extranxeiro.

Para rematar, é preciso facer referencia a unha das características principais da poboación galega: o avellentamento, que se concibe como un proceso producido pola combinación do retroceso da fecundidade, a redución da mortalidade específica en idades adultas e a emigración, sobre todo a que afecta á poboación adulta nova (García, 2003:140). Este proceso repercute, non só no maior peso da poboación maior, senón que tamén resta importancia á poboación nova, como se pode ver de forma ilustrativa nas pirámides de poboación ao longo deste século no cal a base, cos continxentes máis novos foise estreitando, mentres que o cumio, coas poboación de máis idade vai aumentando, debido tamén ao aumento da esperanza e da calidade de vida.

a) Poboación de 1900 ata 2011.

Introducidas xa estas características demográficas a ter en conta, agora é o momento de comezar coa análise da evolución da poboación municipal en Galicia. O carácter expositivo deste apartado vaise basar nunha sucesión de conclusións derivadas da observación e análise dos datos.

De entrada o que se observa é que houbo un cambio importante na distribución da poboación dende o comezo do século XX ata hoxe, motivado, por un lado, pola maior concentración da poboación nas cidades e nas vilas máis grandes, e por outro lado un proceso de éxodo rural a partir dos anos 60, sobre todo. Neste sentido as provincias que máis medraron foron as de A Coruña e Pontevedra, mentres que Lugo e Ourense viron minguada de forma importante a súa poboación. Este feito pode ter a súa causa no maior dinamismo económico das provincias máis occidentais, así como das cidades que se sitúan nelas. Deste xeito a distribución da poboación en Galicia cambiou de forma notable e logrou un reparto diferente ao que tiña en 1900.

En 1900, a poboación galega estaba repartida de xeito tal que se podían distinguir catro niveis diferentes, en canto ao número de habitantes de cada municipio. En primeiro lugar, atopábanse as cidades compactas tradicionais: as catro capitais de provincia, A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, ademais de Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo. A continuación, situábanse os núcleos de máis de 10.000 habitantes que sumaban un total de 21 localidades repartidas entre as catro provincias de maneira desigual, pois en Ourense só había unha, a propia cidade, mentres que Lugo e Pontevedra contaban con cerca de 10, e en A Coruña tres: Carballo, Ortigueira e Ribeira.

No seguinte nivel situábanse as localidades de entre 5.000 e 10.000 habitantes que se configuran como as máis numerosas, sendo consideradas de carácter rural moitas delas. O resto de concellos de Galicia teñen menos de 5.000 habitantes. As cidades daquela época oscilaban entre os 15.194 habitantes de Ourense e os 43.971 de A Coruña, estando entre os 20.000 e os 25.000 habitantes o resto delas.

Táboa 1. Número de concellos segundo poboación.

ANO	1900	1930	1950	1970	2001	2011
Concellos de máis de 10.000 habitantes	27	37	53	45	55	58
Concellos de entre 5.000 e 10.000 habitantes.	125	139	133	114	64	52
Concellos de menos de 2.000 habitantes	6	10	10	19	72	94

Fonte: Censos de Poboación e Vivendas (INE).

O retrato oxe en día, cos datos do Censo de Poboación e Vivendas do 2011, cambiou, pois a pesar de que as cidades compactas seguen a ser as mesmas, aumentaron de forma importante os núcleos de máis de 10.000 habitantes en todas as provincias, á contra que diminuíron as localidades de entre 5.000 e 10.000 habitantes, polo que se pode prever un trasvase da poboación dende estes últimos aos primeiros. Os núcleos de menos de 2.000 habitantes aumentaron de forma considerable, en comparación con 1900, pois se antes había 6 concellos con estas características agora hai 94, repartidos por todas as provincias, sendo máis habituais en Lugo e Ourense.

Pola súa magnitude, este é un fenómeno que chega a cotas importantes, polo citado anteriormente, o número de concellos con menos de 2.000 habitantes en 2011, pero tamén polo seu alcance nalgúns casos, como por exemplo: Negueira de Muñiz, en Lugo, con 212 habitantes e A Teixeira, en Ourense, con 424. Estes son casos que evidencian de forma clara o abandono do rural pero tamén hai que sinalar que a maioría de concellos rurais, que se poden denominar aqueles de menos de 5.000 habitantes, e incluso algúns dos de entre 5.000 e 10.000 habitantes, reduciron a súa poboación á metade dende 1900 ata oxe, se ben a súa evolución foi crecente ata os anos 40' ou 50' para despois decrecer de xeito importante.

En conclusión, pódese dicir que o crecemento poboacional experimentado dende comezos do século XX condicionou unha distribución territorial na que se pode apreciar a concentración da poboación nas cidades, e sobre todo nas situadas no litoral occidental, por un lado, e por outro, asístese á desertización do rural e do interior, como se ve nas provincias de Lugo e Ourense e no aumento dos concellos con menos de 5.000 habitantes.

b) Cidades galegas.

Chegados a este punto, o que se pretende agora é analizar con detalle a evolución da poboación nas sete cidades galegas, tendo en conta que son puntos clave de concentración de efectivos e que axudarán, como se verá, a articular os demais elementos do entramado territorial. Neste sentido, antes de pasar a ver unha por unha cada cidade, é necesario referirse aos modelos teóricos que tratan de explicar a evolución da poboación nos núcleos urbanos, entre os que destaca o denominado transición territorial.

Esta teoría postula a sucesión dunha serie de fases polas que pasa unha determinada cidade, atendendo á súa evolución poboacional. Deste xeito, dende comezos do século XX ata o 1950 pode establecerse unha primeira fase de equilibrio inicial a cal se caracteriza por un claro reparto da poboación entre o rural e as cidades, no que o primeiro contén os maiores efectivos. A partir de aquí, entre a década dos 50' e dos 70' lévase a cabo unha forte etapa de concentración da poboación nas cidades polo que as migracións do campo á cidade son a tónica dominante.

En terceiro lugar, atópase a fase de desconcentración que se caracteriza polo crecemento das periferias das cidades en desventaxa do núcleo central, coincidindo co final da década dos 70', a dos 80' e incluso a dos 90'. Pero xunto con esta fase pode ir parella, e incluso anterior, unha de suburbanización consistente no crecemento simultáneo das cidades e das áreas urbanas, que pode afectar a determinadas cidades en función das súas características.

Por último, a última fase xa é a dun novo requilibrio ou reconcentración, se ben aquí hai que sinalar que o efecto desta fase non é igual para todas as cidades galegas, pois atopámonos na última década que a maioría delas experimenta un retroceso na súa poboación, como é o caso de A Coruña e Ferrol. Pola súa parte Lugo, Pontevedra e Vigo rexistran aumentos considerables, se ben por diferentes razóns. No primeiro caso, esta cidade atópase nun proceso tardío de atracción de poboación dos

concellos limítrofes, mentres que Pontevedra e Vigo medran na última década pola chegada de inmigrantes a Galicia e pola súa concentración nelas.

Tendo en conta que o modelo presentado se concibe como teórico, hai que ter en conta agora a evolución e as características de cada unha das cidades galegas:

A cidade de A Coruña ten condicionado o seu crecemento polo reducido tamaño do seu municipio, que se atopa urbanizado na súa case totalidade, que, xunto cun planeamento urbanístico centrado en aumentar as densidades residenciais, fan que esta cidade teña problemas en canto a calidade ambiental e urbana. Esta é unha das razóns para que nas últimas décadas (1991-2011) vira menguada a súa poboación en beneficio da súa periférica. Con todo, A Coruña, é a segunda cidade máis poboada de Galicia, despois de Vigo, como se pode ver na Táboa 1, e a súa evolución dende os comezos do século XX foi crecente, en especial nos anos 50' e 60'.

Santiago de Compostela debido á extensión do seu concello, posúe características propicias para favorecer a expansión da cidade dentro dos seus límites municipais, pero debido ao carácter disperso da mesma e á xestión municipal do solo, que non favoreceu a baixada de prezos na vivenda, provocou un proceso de localización dunha parte importante da poboación nos municipios colindantes. De todos os xeitos, como se pode ver na Táboa 1, o crecemento da cidade foi constante dende o comezo do século XX, se ben se observa, como xa se sinalou un retroceso dos seus efectivos a partir de 2001 en beneficio da súa área periférica.

Táboa 2. Evolución da poboación municipal das sete cidades galegas

Ano \ Cidades	2011	2001	1991	1981	1970	1950	1930	1910	1900
A Coruña	245.053	236.379	252.694	232.256	189.654	133.844	74.132	47.984	43.971
Ferrol	71.690	77.950	85.132	85.132	87.736	77.030	25.563	26.331	25.281
Santiago	95.397	90.188	105.851	105.851	70.893	55.553	38.270	24.637	24.120
Lugo	98.001	88.414	87.605	87.605	63.830	53.743	31.137	35.726	26.959
Ourense	107.314	107.510	108.382	108.382	73.379	55.574	21.579	15.998	15.194
Pontevedra	82.346	74.942	75.148	75.148	52.452	43.221	30.821	24.222	22.330
Vigo	295.623	280.186	278.050	278.050	197.144	137.873	65.012	41.213	23.259

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos Censos de Poboación e Vivendas, INE

O caso da cidade de Ferrol presenta características diferentes ás de A Coruña e Santiago, pois a súa evolución responde a outros factores. Dende o comezo do século XX, o crecemento da cidade é visible, máis está suxeito á capacidade de xerar solo residencial e empresarial na propia cidade polo que este feito condicionou un decrecemento continuado dende os anos 80', que a converteu na cidade de Galicia que máis poboación perdeu nas últimas décadas (Precedo, 2008: 97).

Lugo é unha cidade que recibiu ao longo de todo este período poboación dos municipios da contorna sen derivar nunha cidade cunha densidade poboacional moi elevada, debido á considerable extensión dos límites municipais. Deste xeito, viu incrementada a súa poboación de forma importante e sitúase oxe en día (2011) como a cuarta cidade máis poboada de Galicia.

Tendo en conta a evolución dende o 1900, pódese dicir que Ourense é a cidade que máis medrou de todo Galicia, tendo en conta que ao comezo do século XX, só contaba con 15.194 habitantes e no 2011 ascendían a 107.314, constituíndose como a terceira cidade máis poboada de Galicia.

O caso de Pontevedra é similar ao de outras cidades no sentido de que a súa evolución ascendente é a tónica xeral no período que se estuda (1900-2011), propiciada polo seu carácter terciario en torno á súa función comercial e administrativa e as condicións favorables para a vivenda.

Por último, Vigo é na actualidade a cidade con máis habitantes de Galicia (295.263) así como o municipio urbano máis extenso, que tamén favorece a súa expansión dentro dos seus límites. Deste xeito, hai que destacar que a súa evolución dende comezos do século XX presentou taxas de crecemento elevadas e continuas en ascenso.

Para rematar con este apartado dedicado ás cidades galegas, só resta indicar que tanto as fases descritas ao principio, seguindo o modelo de transición territorial como as características propias do crecemento e evolución de cada cidade condicionan a formación de áreas urbanas ao redor de cada unha delas, concebidas polos concellos limítrofes, e que posúen de igual maneira unha evolución e unas características concretas que se pasan a describir no seguinte apartado.

c) Áreas urbanas.

Con ánimo de ofrecer unha análise máis detallada, faise agora un apartado específico para as áreas urbanas, entendidas aquí pola definición que fai delas o Atlas de Áreas Urbanas do Ministerio de Fomento. Deste xeito, preséntase agora unha análise da evolución da súa poboación, atendendo ás

ciudades e aos núcleos de poboación da súa contorna, que configuren a súa correspondente área urbana, polo xeral con municipios de máis de 10.000 habitantes.

Para comezar, a área urbana de A Coruña é unha das que experimentou unha expansión urbana máis importante, en canto a súa relación co propio municipio da cidade. A maioría dos concellos que a confoman superan oxe os 10.000 habitantes, e incluso algún deles superan os 30.000 como son os casos de Arteixo e Oleiros, unha imaxe ben diferentes da de comezos do século XX, cando ningún destes concellos, agás a propia cidade, superaba os 10.000 habitantes. Pola contra, Abegondo, Bergondo e Carral apenas superan os 5.000 habitantes.

Con todo, a expansión da área urbana de A Coruña ten unha magnitude significativa e atopa as súas razón de expansión na escaseza de solo no municipio central, como xa se comentou, polo que se propicia a localización da poboación nos municipios periféricos (Precedo, 2008).

Táboa 3. Evolución da poboación nas áreas urbanas galegas.

Área urbana \ Ano	1900	1950	1981	2001	2011
A Coruña	108.633	210.072	321.119	369.709	410.020
Ferrol	50.272	115.940	149.775	136.326	135.472
Santiago de Compostela	38.253	74.220	113.847	124.446	142.974
Lugo	26.959	53.743	73.986	88.414	98.001
Ourense	25.760	66.874	105.765	119.570	123.600
Pontevedra / Vigo	124.026	300.109	493-235	545.711	585.954

Fonte: Censos de Poboación e Vivendas, INE, e elaboración propia.

Do mesmo xeito, a área urbana de Santiago de Compostela tamén experimentou un importante crecemento dende o comezo do século, se ben só está formada por dous concellos: Ames e Teo, a maiores da propia cidade. Estes dous municipios, situados ao Sur da capital de Galicia, superan ambos os 15.000 habitantes, se ben Ames chega xa aos 30.000. Ao igual que no caso de A Coruña, Santiago é unha cidade cuxa economía ten unha especialización terciaria moi importante, un feito que en moitos casos está relacionado coas opcións sociais cara á vivenda unifamiliar (Precedo, 2008:98).

Na área urbana de Ferrol destacan Narón e Fene, mentres que Mugardos e Neda teñen menos poboación e a súa evolución correspóndese cunha subida ata os anos 50, pero un decrecemento constante a posteriori.

A área urbana de Ferrol ten unha distribución espacial da poboación e do crecemento moi relacionada cos asentamentos industriais tradicionais, pero tamén coa saída da poboación cara á periferia e especialmente cara ao municipio de Narón (Precedo, 2008:98). Deste xeito convértese no concello máis poboado da área urbana xunto con Fene, sen contar a propia cidade, mentras que Mugardos e Neda a pesar de que tamén creceron en poboación ao longo do século XX a súa evolución ascendente foi máis tímida. De todos os xeitos pódese establecer unha relación antagónica entre a cidade e a periferia en canto ao dinamismo da segunda e o declive da primeira, como se verá.

A área urbana de Lugo está conformada unicamente polo propio municipio que se ben pola súa propia extensión, con oferta de solo rural dentro do propio municipio, non foi necesaria a expansión da área urbana cara concellos vecinos, pois o propio municipio central rexistra unha baixa densidade urbana (Precedo, 2008:99).

A área urbana de Ourense está formada unicamente por dous concellos, que a pesar de que non teñen demasiada importancia en canto ao peso da poboación en comparación co municipio central, medraron de forma continuada, se ben foi Barabadás, en contra de Pereiro de Aguiar, o que máis aumento unas últimas décadas. Deste xeito pódese dicir que a área urbana de Ourense, que nos anos oitenta empezara a desenvolver unha periferia urbana considerable en relación co seu tamaño, perdeu esa característica a favor dunha reconcentración da poboación no municipio urbano central, a pesar do seu reducido tamaño, onde se desenvolveron á vez novas oportunidades de emprego vinculadas á terciarización da súa economía (Precedo, 2008: 99).

Por último, a área urbana de Pontevedra/ Vigo, contemplada no Atlas de Áreas Urbanas do Ministerio de Fomento, podería dividirse e constituírse en dúas, cos correspondentes municipios colindantes a cada unha das cidades. De todos os xeitos, tomando esta referencia confórmase esta área como a máis numerosa de Galicia con 14 municipios que concentran unha boa cantidade de poboación, tendo a maioría deles máis de 10.000 habitantes, agás Soutomaior e Vilaboa.

O crecemento desta área ao longo do século é evidente, máis a evolución da mesma ten relación inmediata co propio crecemento das cidades. Neste sentido observamos dúas evolucións diferentes pois con respecto a Vigo esta cidade perdeu peso poboacional en beneficio aos municipios da periferia, a pesar de que se constitúe como o municipio máis poboado de Galicia situado por riba na xerarquía de asentamentos con respecto aos do redor. No caso dos municipios en torno a

Pontevedra, poden actuar nalgúns casos como polos poboacionais cunha importancia parella á da propia cidade, sen depender dela en canto ao aspecto económico, polo menos.


Unha vez expostas unha por unha as áreas urbanas que se articulan ao redor das sete cidades galegas, só queda engadir unha representación das mesmas nun mapa, Mapa 1, no que reflexen ao mesmo tempo as liñas de comunicación que se establecen entre elas , así como as grandes áreas de influencia comercial e económica que estruturan o territorio galego.

Deste xeito obsérvase que a estrutura territorial en Galicia vén marcada pola existencia dun corredor atlántico que recolle e interrelaciona as cidades e as vilas con máis poboación e dinamismo económico, que como se aprecia se encontran nas provincias de A Coruña e Pontevedra, mentras que Lugo e Ourense presentan un papel secundario neste sistema.

A descrición exposta, de todas as áreas urbanas atende a un concepto concreto referido como dixeron ás cidades e aos concellos colindantes, se ben se poden contemplar outros conceptos como o de área metropolitana, para facer referencia a un campo de actuación maior, e incluso á de rexión urbana, na que xa integra toda unha rede de vilas cabeceiras comarcais máis afastadas da cidade e con tradición claramente rural. Deste xeito con todos estes conceptos faise alusión á especialización do territorio segundo as funcións que desempeñen cada unidade que se inclúa nas determinadas figuras, polo que dentro deles podemos atopar áreas residenciais, áreas de concentración da actividade laboral ou incluso áreas mixtas que combinen as dúas funcións.

Tendo en conta esta clasificación e distribución do territorio, faise lóxica a existencia de commuters e poboación vinculada no sentido de que os desprazamentos entre municipios xeran un fluxo de interrelación que responde ás diferenzas funcionais que se atopan entre as rexións que se establecen. Deste xeito queda articulado de forma lóxica a inclusión de todo este epígrafe referido á poboación galega, as súas cidades e as súas áreas urbanas e dá pé a que a continuidade na exposición deste Desenvolvemento argumental pase á análise da poboación vinculada propiamente dita.

Mapa 1: O sistema urbano galego.



Fonte: Precedo Ledo, et al. (2008)

2. Contextualización metodolóxica

Tendo en conta que agora corresponde comezar a expoñer a análise da poboación vinculada, desagregada por tipos e coas matizacións oportunas, non está de máis recordar, a estas alturas do estudo algunhas pinceladas da metodoloxía co fin de axudar a un maior entendemento das interpretacións que se fagan dos datos e as conclusións que se saquen.

En primeiro lugar, é preciso volver a enunciarse a hipótese de traballo plantexada na Metodoloxía: a carga de poboación que soporta un determinado concello vén determinada pola súa poboación residente e a súa poboación vinculada. Neste Desenvolvemento argumental tentarase comprobar se esta afirmación se converte en verdadeira ou non.

A este respecto, o obxectivo xeral da investigación é poder facer unha análise da poboación vinculada, entendida como aqueles continxentes que por motivos laborais ou académicos se desprazan, normalmente a diario, para desempeñar a súa actividade noutro municipio diferentes ao da súa residencia. Con isto podemos medir e interpretar este fenómeno, tamén coñecido como commuting.

En concreto o que se pretende facer nesta investigación é artellar a devandita análise en torno a unha perspectiva do territorio no sentido de que nos ofrece unha visión dos desprazamentos, reflexa o dinamismo económico e xunto coa poboación conséguese unha análise completa e rica.

O procedemento de cálculo pódese resumir nos seguintes pasos:

- A información de base que se necesita é dun lado os ocupados e os estudantes residentes nun determinado municipio e posteriormente as correspondentes poboacións de cada tipo que se se moven nunha ou outra dirección en referencia a un determinado municipio.
- Esta información configúrase como as matrices de orixe e de destino, das que se falaban na Metodoloxía, e que proporcionan ao final a base para o cálculo da poboación vinculada por motivos laborais, primeiro, e a continuación, por motivos académicos.
- Deste xeito, para o primeiro caso, a operación pódese describir do seguinte xeito: á poboación ocupada dun determinado concello sumánselle, os ocupados residentes nese concello que traballen noutro municipio e restánselle os ocupados que residindo noutro municipio, traballen no de referencia.
- No caso dos estudantes vinculados a operación é a mesma, débense sumar os estudantes que residen nun determinado municipio cos que residen e estudan noutro e a eses restarlle a poboación estudante non residente que estudan nese municipio.
- A partir de aquí procédese a calcular as porcentaxes de ocupados e estudantes que realizan a súa actividade laboral ou académica noutro municipio distinto ao da súa residencia. Deste xeito obtense a información máis interesante á hora de interpretar xunto cos totais que sumen os ocupados vinculados e os estudantes vinculados, obtendo así a poboación vinculada dun determinado concello, sen ter en conta á poboación vinculada con motivos de segunda residencia, pois ese non é obxecto deste estudo.

3. Poboación vinculada de Galicia.

Chegados a este punto, o que se abre agora é o capítulo central desta investigación na cal se expoñerán as principais achegas da análise da poboación vinculada, como interpretación dos resultados dos sucesivos cálculos que expliquei anteriormente e que se traducen neste espazo nos epígrafes correspondentes deste Desenvolvemento argumental, co ánimo de facer cumprir os obxectivos que se fixaron.

A este respecto, tomando como referencia os cálculos que arriba se describiron hai que matizar que a lóxica expositiva non seguirá de xeito exhaustivo a orde establecida xa que se pretende conseguir unha simultaneidade con respecto ao capítulo de Poboación de Galicia, co fin de seguir a mesma lóxica de interpretación dos datos así como para que a comparación de datos de poboación residente coa poboación censal se faga máis doada.

Deste xeito, a orde de exposición que se vai a seguir comezará pola análise dos datos de poboación vinculada totais, atendendo á suma dos ocupados vinculados e dos estudantes, seguirá pola descrición deste fenómeno nas áreas urbanas e rematará describindo por separado os datos de poboación vinculada, ocupados e estudantes. A maiores vaise engadir un epígrafe no que se comparen os datos de Galicia cos do conxunto español en relación ao propio tema de estudo.

Unha vez feito todo isto poderemos expoñer un capítulo final neste Desenvolvemento argumental no que se comparen a poboación vinculada de cada concello coa súa poboación residente.

a) Análise dos datos para toda Galicia

A poboación vinculada concíbese como un concepto novidoso xerado polo Censo de Poboación e Vivendas do 2001 e que responde a todo un intento de recoller a información relativa aos desprazamentos que se realizan por motivos laborais, académicos ou por unha segunda residencia. Como xa se sinalou, este estudo vaise centrar de forma exclusiva nos datos de desprazamentos laborais, tamén denominados commuters, e os dos estudantes, debido a que son os casos máis comúns e máis salientables tamén en canto a cifras.

Neste apartado vaise analizar a poboación vinculada atendendo á desagregación municipal e tendo en conta a suma das dúas vertentes que se estableceron. A suma de ocupados e estudantes

vinculados xera unha información interesante en canto a súa interpretación pero susceptible de considerar escasa se temos en conta que só se dispón de datos de poboación vinculada, tal e como aquí a tratamos con esas dúas opción, de 108 concellos en todo Galicia, dun total de 315.

Sen embargo, atendendo a que a maioría dos municipios dos que non dispoñen datos se consideran rurais, cunhas dinámicas demográficas estancadas e avellentadas, é de supoñer que os fluxos de ocupados e de estudantes sexan tan baixos, polo que non se reflexan nos cálculos de poboación vinculada, tendo en conta que a información que o INE proporciona só ten en conta aqueles fluxos por riba das 10 persoas.

Con todo, a información dispoñible é do máis interesante se temos en conta que para os ocupados hai unha boa cantidade de datos e no caso dos estudantes pódense extraer conclusións particulares. Deste xeito, despois de facer unha clasificación de todos os concellos que dispoñen de datos, hai que concluir que a meirande parte teñen menos de 5.000 persoas vinculadas, un fluxo que se pode considerar reducido, máis se se ten en conta que a maioría deles se constitúen como concellos rurais, aínda que non de forma exclusiva, este feito non resulta tan significativo.

Pola contra, uns datos por enriba das 5.000 e incluso das 10.000 persoas vinculadas nun determinado municipio, reflexan un certo nivel de dinamismo económico, no caso dos ocupados, e a dispoñibilidade de centros de estudo e de servizos no caso dos estudantes, de xeito que estes datos actúan como un identificador, en certa medida, de vilas cabeceiras comarcais ou das propias cidades que se insertan no sistema de asentamento que xa describín.

De todos os xeitos os concellos que máis destacan sobre os demais son os das cidades, coas maiores cifras de poboación vinculada que sobre todo dispoñen duns fluxos de atracción de ocupados e de estudantes para realizar as súas actividades alí, tanto como de persoas que se desprazan a outros municipios residindo na propia cidade. A este respecto, A Coruña e Vigo destacan de forma clara sobre as demais con máis de 130.000 persoas vinculadas cada unha delas, sitúándose en primeiro lugar a cidade pontevedresa. A continuación, Santiago de Compostela e Ourense, con máis de 70.000 e 55.000 persoas cada un, e por último, Lugo, Ferrol e Pontevedra que teñen entre 40.000 e 50.000 persoas vinculadas.

Táboa 4. Poboación vinculada nas cidades.

Poboación vinculada	Cidades
A Coruña	139.394
Ferrol	42.453
Santiago de Compostela	72.107
Lugo	46.956
Ourense	58.186
Pontevedra	47.501
Vigo	162.668

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas 2001, INE, e elaboración propia

Como observación final hai que comentar que as provincias con cifras de poboación vinculada máis altas sitúanse nas provincias de A Coruña e Pontevedra, mentres que en Lugo e Ourense se rexistran os fluxos máis baixos atendendo ás dúas opción, tendo en conta que moitos dos seus concellos rurais non dispoñen de datos de poboación vinculada, por ser estes inferiores ás 10 persoas tanto sexa no caso dos ocupados como nos estudantes.

A este respecto, só queda dar paso agora ao estudo e análise da información con respecto ás áreas urbanas que debido a que presentan características particulares cada unha delas deben ser contempladas nun epígrafe diferente.

b) Áreas urbanas.

Ao igual que no caso da poboación residencial, os municipios das áreas urbanas presentan uns datos máis elevados en canto aos datos de poboación vinculada polo que é preciso estudalos por separado atendendo ás posibles interaccións entre a cidade central e os municipios colindantes.

A área urbana de A Coruña rexistra, en todos os seus municipios, máis de 5.000 persoas vinculadas en cada deles, implicando a traballadores e estudantes, se ben destaca Arteixo con máis de 10.000 persoas implicadas, sen ter en conta a propia cidade. Pola contra Abegondo, Bergondo e Carral non posúen cifras de poboación vinculada porque presentan un fluxo menor áos 10 estudantes, máis estes datos veranse con detalle cando se desagreguen as dúas opción de poboación vinculada, máis

adiante.

Pola súa parte, os concellos que conforman a área urbana de Santiago de Compostela, Ames e Teo, posúen un fluxo de poboación vinculada inferior ás 5.000 persoas, un dato que contrasta, sen dúbida, cos datos da cidade e que é cando menos curioso por sairse da tónica habitual para os municipios das áreas urbanas.

Pola súa parte, na área urbana de Ferrol non se pode establecer unha cifra común e normalizada que sigan os seus concellos conformantes debido a que presenta comportamentos dispares. Deste xeito, Narón posúe máis de 10.000 persoas como poboación vinculada, Fene supera os 5.000, pero Mugaros e Neda quédanse por debaixo desta barreira. A explicación a esta variación nas cifras dentro dunha mesma área urbana débese atopar na dinámica económica e demográfica, que se configura como dispar entre os concellos.

Táboa 5. Poboación vinculada nas áreas urbanas.

Áreas urbanas	Poboación vinculada
A Coruña	186.247
Ferrol	62.305
Santiago de Compostela	83.726
Lugo	46.952
Ourense	58.186
Pontevedra/Vigo	288.590

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas 2001, INE, e elaboración propia.

No caso de Lugo, como a súa área urbana, segundo o criterio empregado para este estudo, só está formada polo propio concello urbano, a análise da súa poboación vinculada restrínxese á da propia cidade, que como xa se comentou posúe máis de 45.000 persoas vinculadas, coincidindo con Ferrol e Pontevedra.

Con respecto á área urbana de Ourense cabe sinalar que, en contraste coa propia cidade, os municipios que forman a súa área urbana, Barbadás e Pereiro de Aguiar, non teñen cifras suficientes en canto a estudantes vinculados para poder calcular a súa correspondente poboación vinculada. Deste xeito constitúese como a área urbana de Galicia que menos poboación vinculada recolle entre os seus habitantes, se ben a cidade de Ourense ofrece un contraste, en canto a cifras, importante.

Por último a área urbana de Pontevedra/Vigo por ser a máis extensa en número de concellos tamén é a que recolle unha maior variedade na clasificación de cada un dos municipios segundo a distribución que empreguei, pois se ben destacan de forma moit notable as cidades de Pontevedra e Vigo, como se describiron no epígrafe anterior, Marín e Cangas superan as 10.000 persoas Cangas, Moaña, Mos, Nigrán e Redodela rexistran máis de 5.000 e Baiona, Gondomar, Poio e Soutomior atópanse por debaixo dese número. Vilaboa é a excepción, xa que non rexistra poboación vinculada ao ter un fluxo inferior ás 10 persoas por motivos académicos.

Para rematar con este epígrafe só resta matizar que a análise aquí realizada atendía aos totais da poboación vinculada, clasificándoos segundo unas cohortes que se consideran razoables tendo en conta os volumes acadados para a posterior interpretación dos datos. Agora pasarase á exposición das achegas por parte da análise particular dos ocupados vinculados, en primeiro lugar, e os estudantes, despois.

d) Ocupados vinculados

As cifras de ocupados vinculados ou commuters están compostas por aquelas persoas que se desprazan do seu municipio de residencia habitual ata outro diferente para traballar e por aquelas outras, que sendo residentes doutros municipios, se desprazan ao de referencia para traballar. Deste xeito, debido a que a poboación ocupada, e polo tanto poboación activa, aquela maior de 16 anos e menor de 65 susceptible de realizar unha actividade laboral, constitúese, nunha situación normal, como o colectivo máis numeroso dunha sociedade, de xeito que as cifras de ocupados vinculados abarcan a un gran número de persoas e polo tanto de municipios¹.

Partindo das bases de datos que proporcionan esta información, a análise que aquí se expón estará en relación ás porcentaxes calculadas referentes á poboación residente nun determinado concello que se despraza a outro para traballar. A escolla deste indicador como principal para a análise responde a que os datos que proporciona semellan de todo fiables de xeito que a análise de variantes do mesmo cálculo aporten as mesmas conclusións, polo que sería unha redundancia innecesaria facer esta análise dende varios puntos de vista.

Deste xeito o que se exporá a partir de agora son as achegas principais a este respecto, facendo unha clasificación dos municipios atendendo ás diferentes porcentaxes para axudar á súa interpretación. Os resultados obtidos é preciso diferencialos, coma sempre, entre as cidades, as áreas

urbanas e os municipios rurais xa que se obteñen conclusións diferentes.

De entrada, o dato máis relevante é que as cidades presentan menos do 20% de poboación ocupada que se despraza a outro municipio para traballar. A razón deste dato atópase en que son as propias cidades as que concentran unha maior cantidade de actividade empresarial polo que non é preciso saír do municipio para realizar as actividades laborais, se ben isto contrasta coas miors cifras de ocupados vinculados pero hai que ter en conta que se reciben moitos máis ocupados de fora dos que saen a fora para traballar, conclusión que está en sintonía co porcentaxe rexistrado

Os municipios das áreas urbanas teñen unhas porcentaxes altas, na maioría dos casos por riba do 40% de poboación ocupada que se despraza a outros municipios para traballar. Neste sentido destaca a área de Santiago de Compostela por situarse cada un dos municipios que a forman, Ames e Teo, nunha porcentaxe superior ao 60% de ocupados vinculados.

Táboa 6. Cálculo de ocupados vinculados. Cidades

Municipio	Ocupados residentes	Ocupados vinculados	Porcentaxe de poboación que se despraza sobre a poboación ocupada
A Coruña	95.496	109.443	14,17%
Ferrol	26.402	23.319	16,48%
Santiago de Compostela	37.929	53.198	9,87%
Lugo	35.850	36.804	9,15 %
Ourense	41.554	44.294	15,03 %
Pontevedra	29.886	36.234	17,54 %
Vigo	113.030	127.508	9,82 %

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas 2001, INE, e elaboración propia.

Os municipios do resto de áreas, como sinalel, presentan unha porcentaxe maior do 40% da súa poboación ocupada que se despraza a outros municipios para traballar. Neste sentido, hai que destacar a área urbana de Lugo, que a pesar de estar formada de formada unicamente polo propio concello da cidade, débese ter en conta que Outeiro de Rei, concello limítrofe, ten unha porcentaxe

superior ao 40 % de poboación ocupada que se despraza para traballar, destacando así o seu papel como concello en interacción coa propia cidade.

Este comportamento tamén se pode apreciar con respecto a outras cidades, facendo alusión a concellos que se ben non están incluídos na área urbana da cidade presentan unha porcentaxe de ocupados vinculados considerable. Este é o caso, por exemplo, de Ares sobre a cidade de Ferrol ou de Oroso con respecto a Santiago de Compostela.

Por último hai que sinalar que os municipios rurais presentan menos porcentaxe de poboación que se despraza, polo xeral menos do 20%. As razóns destes datos atópanse en que as actividades económicas que predominan nos concellos rurais correspóndense co sector primario, onde, polo xeral, os lugares de produción se sitúan no mesmo municipio de residencia, polo que non se rexistra ningún desprazamento, así como tamén responde ao feito de atopar menos poboación en idade activa nos concellos rurais o que implica ter menos poboación ocupada que se desprece a outro municipio.

e) Estudiantes vinculados

A poboación estudante vinculada a un determinado concello está composta por aqueles residentes maiores de 16 anos que declaren como actividade principal o estudo dalgún nivel formativo e que se despracen a outro municipio diferente do da súa residencia habitual para levar a cabo a súa actividade académica, así como polos estudantes, nas mesmas condicións, que residindo nun municipio diferente ao de referencia, se desprazan para estudar a este.

A diferenza dos ocupados vinculados, as cifras de estudantes están condicionadas pola localización dos centros de estudo, atendendo aos diferentes niveis do sistema educativo. Deste xeito, hai que destacar de entrada que os datos dispoñibles de estudantes vinculados poden resultar reducidos, tendo en conta que só se dispoñen de datos completos, atendendo aos dous fluxos que se contemplan, de 109 concellos de 315 que hai en Galicia, contrastando cos 277 dos que se dispoñen datos de ocupados vinculados.

Táboa 7. Cálculo dos estudantes vinculados. Cidades.

Cidades	Estudantes residentes	Estudantes vinculados	Porcentaxe de estudantes que se desprazan sobre os estudantes residentes
A Coruña	23.892	29.951	6,32 %
Ferrol	7.911	10.134	10,87 %
Santiago de Compostela	10.461	18.909	3,36 %
Lugo	8.508	10.148	3,83 %
Ourense	11.111	13.892	5,83 %
Pontevedra	8.524	11.267	19,65%
Vigo	29.251	35.160	5,74%

Fonte: Censo de Poboación de Vivendas 2001, INE, e elaboración propia.

Con todo, con esta información pódese obter unha boa interpretación da poboación estudante vinculada, tendo en conta que o indicador que se empregará para esta análise vai a ser a porcentaxe de estudantes que se desprazan a outro municipio para realizar a súa actividade, polo que deste xeito obtense unha análise parella á dos ocupados vinculados.

Seguindo ca lóxica expositiva dos ocupados vinculados, hai que comezar destacando que as sete cidades galegas rexistran menos do 20% de estudantes residentes nos seus municipios que se desprazan a outro para levar a cabo os seus estudos. Esta achega responde ao feito de que é nas propias cidades nas que se concentra unha oferta maior en todos os niveis educativos, en especial na educación superior, universidade e formación profesional, polo que para esta poboación non é preciso desprazarse, se ben as cidades exercen un poder de atracción neste sentido con respecto a outros municipios da contorna.

A maioría dos municipios das áreas urbanas rexistran unha porcentaxe de estudantes que se desprazan a outro municipio, para levar a cabo os seus estudos, superior ao 40%. Nesta situación atópanse a maior parte das áreas urbanas, se ben a excepción conséguenos os municipios das áreas de Santiago de Compostela e Ourense, por contar con máis do 60% de poboación estudante que se despraza.

Como caso particular atópase a área urbana de Lugo que, como está formada polo propio municipio urbano non podemos dicir que presente ningunha porcentaxe en particular, se ben se pode destacar algún concello limítrofe como Friol que rexistra máis dun 40% de estudantes que se desprazan para

levar a cabo a súa actividade.

Por último, os municipios que contan con menos do 20% de estudantes que se desprazan a outro municipio, ademais das cidades, correspóndense con concellos rurais que pola súa dinámica demográfica, marcada polo envellecemento da poboación e a perda de efectivos pola emigración cara outras zonas, presenta unha porcentaxe baixa de poboación catalogada como estudante, que debe ser maior de 16 anos para contemplarse pola fonte de referencia, Censo de Poboación e Vivendas do 2001.

4. Comparación da poboación residente coa poboación vinculada.

O derradeiro capítulo deste Desenvolvemento argumental quere dar un paso máis ao poñer en relación os dous temas centrais que se trataron ao longo desta investigación: a poboación residente e a poboación vinculada. Deste xeito o que se ofrece agora é unha comparación entre ambos os dous rexistros co ánimo de tirar dela unha serie de conclusións que sexan proveitosas e útiles no eido da investigación.

A este respecto, este capítulo debe dividirse en tres epígrafes co fin de axudar á comprensión da exposición seguindo unha lóxica explicativa que facilite a chegada á comparación que se pretende. Por isto, o primeiro que se verá será unha pequena análise da poboación residente en Galicia no ano 2001, cos datos do Censo de Poboación e Vivendas, INE, co fin de ser comparables cos de poboación vinculada, que se analizan a continuación, e que responden tamén a este ano de referencia.

A pesar de que a análise da poboación vinculada xa se expuxo con detalle no seu correspondente capítulo, agora tratarase de facer un resumo a modo de recordatorio para ter presentes as principais achegas que se poidan comparar coa poboación residente.

a) Poboación de Galicia no ano 2001.

Co ánimo de establecer unha comparación, como xa se indicou, ofrécese agora unha visión da distribución da poboación galega no ano 2001, para ser equiparable cos datos de poboación vinculada. Se ben as interpretacións xerais non varían demasiado da análise que se pode facer cos datos do Censo do 2011, é preciso detallar as interpretacións particulares para o ano 2001, atendendo

á poboación das cidades, das áreas urbanas e do rural, en liñas xerais.

A modo de resumo pódese afirmar que a poboación en Galicia se distribúe de xeito que se concentra un maior número de poboación nas cidades e nas áreas urbanas, en especial as das provincias de A Coruña e Pontevedra, mentras que Lugo e Ourense teñen un acusado despoboamento do seu rural, como demostra a maior presenza nelas de concellos con menos de 2.000 habitantes no 2001.

As cidades atópanse nunha etapa de reconcentración ou requilibrio na cal non expulsan máis poboación cara as periferias, que se atopan definidas polas áreas urbanas compostas por ese conxunto de municipios ao redor das cidades que destacan en canto número de poboación do resto, pero tampouco atraen poboación da contorna. A partir de aquí verán minguar ou aumentar a súa poboación segundo as características de cada unha, que favorecen ou non a atracción de máis poboación.

O rural, pola súa parte, tampouco expulsa máis poboación pero atópase nunha dinámica demográfica moi estancada e avellentada que lle impide aumentar os seus efectivos, polo que queda en clara desvantaxe. Con todo, entre os municipios rurais hai que destacar as pequenas vilas que artellan todo o sistema de asentamentos, que van dende a cidade máis grande á aldea máis pequena, e que son un claro indicativo dun dinamismo demográfico e económico en contraste co as zonas máis rurais.

b) Poboación vinculada de Galicia

A modo de recordatorio, expóñense a continuación as achegas principais xurdidas da análise da poboación vinculada que se desenvolveu con anterioridade, co ánimo de servir de preludio para a posterior comparación entre a poboación residente e a poboación vinculada.

Tendo en conta que non se dispoñen de datos para todos os concellos, xa que hai non todos se rexistran ocupados e estudantes vinculados conforme recolle a fonte empregada, o certo é que os datos de poboación vinculada reflexan un panorama no que os municipios que albergan as sete cidades galegas destacan sobre os demais por rexistrar máis poboación vinculada, seguidas polos concellos das áreas urbanas, así como outras vilas con cifras importantes.

Se ben para este caso tamén se observa que as provincias de A Coruña e Pontevedra rexistran unhas cifras maiores de poboación vinculada, en contraposición con Lugo e Ourense, polo que isto reflexa

un maior número de fluxos entre os municipios por ambos motivos, laborais e académicos.

Por último habería que destacar que se dispoñen de máis datos municipais por motivos laborais que académicos debido a que as cifras de estudantes vinculados están condicionados pola localización dos centros de estudo, que se emprazan alí onde hai máis poboación e recursos polo que os municipios rurais presentan uns datos reducidos a este respecto, se ben tamén están determinados polas dinámicas demográficas que os caracterizan.

c) Comparación de poboación residente e poboación vinculada,

Chegados a este punto, o que se expón a continuación é a comparación final entre a poboación residente en cada municipio no ano 2001 e a súa correspondente poboación vinculada, nun intento de poner en relación o que supón a segunda sobre a primeira. Deste xeito as conclusións ás que se chegaron, para un e outro análise, varían en canto as cifras e deixan unha descrición da carga de distribución da carga de poboación en cada municipio atendendo aos desprazamentos.

A este respecto, como nos demais casos, as cidades son as que máis poboación vinculada rexistran con respecto á residente, pois en todas elas a poboación vinculada supón máis da metade da súa poboación, como se ve na Táboa 8.

Táboa 8. Poboación residente + Poboación vinculada, nas cidades galegas

Cidades	Poboación 2001	Poboación vinculada
A Coruña	236.379	139.394
Ferrol	77.950	42.453
Santiago de Compostela	90.188	72.107
Lugo	88.414	46.952
Ourense	107.510	58.186
Pontevedra	74.942	47.501
Vigo	280.186	162.668

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas 2001, INE, e elaboración propia.

Os municipios das áreas urbanas presentan comportamentos dispares con respecto á poboación que recollen entre a clasificada como residente e a vinculada, polo que é preciso analizar cada unha das áreas por separado para obter unha análise detallada das súas características.

Para comezar, na área urbana de A Coruña a maioría dos seus municipios contan con máis de 5.000 persoas vinculadas, polo que supón, en moitos casos, preto da metade da poboación dos concellos que conforman esta área, tendo por tónica dominante, pasar dos 10.000 habitantes. As excepcións confórmanas Arteixo, por superar as 10.000 persoas vinculadas e Sada por non chegar ás 5.000.

A área urbana de Ferrol presenta unha comparación entre a poboación vinculada e a residente cando menos dispar entre os municipios que a formarn, pois se ben destaca Narón con máis de 10.000 persoas vinculadas, sobre os seus máis de 30.000 habitantes, Mugardos e Neda dispoñen de menos de menos de 2.000 persoas vinculadas cada un deles.

Táboa 9. Poboación residente + poboación vinculada, nas áreas urbanas galegas.

Áreas urbanas	Poboación 2001	Poboación vinculada
A Coruña	369.709	186.247
Santiago de Compostela	124.446	80.905
Ferrol	136.326	62.305
Lugo	88.414	46.952
Ourense	119.570	58.186
Pontevedra/Vigo	543.201	282.976

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas 2001, INE, e elaboración propia.

Os municipios que forman a área urbana de Santiago, Ames e Teo, rexistran unha carga de poboación relativamente reducida se comparamos con outros concellos, pois apenas aumentan en 3.000 ou 4.000 persoas cada un deles, engadidas ás máis de 15.000 que rexistran cada un. Pola súa parte, a área urbana de Ourense, composta por Barbadás e Pereiro de Aguiar, nin sequera dispoñen de datos de poboación vinculada, polo que non se lle pode facer unha comparación fiable entre as dúas información.

O caso de Lugo, como xa se comentou, ao non dispoñer de área urbana, queda fóra desta análise se ben a cidade conta cunhas cifras de poboación vinculada que suponen algo máis da metade da súa poboación residente.

Por último a área urbana de Pontevedra/ Vigo conta cunhas cifras de poboación vinculada que superan as 10.000 persoas, en moitos deles, que tendo en conta que os seus residentes xa contaban con cifras destas magnitudes, a comparación é satisfactoria en canto a que se constitúe como unha área con bastante atracción de poboación vinculada, destacando Redondela ou Cangas, mentres que Baiona, Soutomaior e Vilaboa non dispoñen de datos de poboación vinculada.

A maiores das áreas urbanas, hai que sinalar unha serie de vilas, situadas nas catro provincias, que polas súas características poboacionais e en canto a poboación vinculada, recollen en total un número importante de persoas que se configuran como a súa carga de poboación. Estase a falar do caso de Carballo, Ribeira e Boiro, na provincia de A Coruña, Monforte de Lemos, Sarria, Vilalba e Viveiro, na de Lugo, O Barco de Valdeorras, O Carballiño e Verín, na de Ourense, e Lalín e A Estrada na provincia de Pontevedra. Todas estas vilas superan con creces as 10.000 persoas vinculadas, polo que se corresponde tamén coa súa poboación residente..

O resto de concellos que se inclúen nesta análise confórmanse como rurais a maioría deles se ben a presenza de pequenas vilas é notable, e incluso das que superan as 10.000 persoas residentes, quedando os concellos máis rurais con menos de 10.000 persoas vinculadas como carga poboacional, tendo en conta que moitos deles xa non rexistraban datos de poboación vinculada.

Para rematar este capítulo, é preciso adiantar unha das conclusións finais que atañen a que se viu con anterioridade e ao resultado mesmo da investigación, pois o que se pode apreciar ao longo das sucesivas análises e posterior comparación que se realizaron é a relación que se pode establecer relaciónm entre a poboación vinculada e a poboación residente, como un fenómeno que se podería denominar dinámico, por estar composto polos desprazamentos de traballadores e estudantes, articula e caracteriza todo o sistema de asentamentos, aportando un complemento importante aos datos de poboación residente, á hora de planificar políticas, servizos ou infraestruturas.

V. Conclusións finais.

Unha vez chegado este punto, no que o Desenvolvemento argumental está totalmente desenvolvido, só queda engadir un último capítulo de Conclusións finais que sirvan de síntese de todas as achegas que proporcionou o desenvolvemento desta investigación. Partindo dun obxecto de estudo definido como a poboación vinculada, un concepto suxeito a unha caracterización determinada pola súa fonte de referencia e que se atopa relacionado con outros conceptos e estudos parellos nas liñas de investigación, como o de commuting ou mobilidade cotiá.

A este respecto, no presente traballo conseguíuse poñer en relación diferentes elementos que articulaban o propio concepto de poboación vinculada, para obter unha análise cun contido suficiente como para relacionar a poboación residente e os datos de poboación vinculada, cun telón de fondo que se concibe como a estrutura do territorio e a súa conformación. Da comparación destas dúas informacións tirouse un obxectivo final que establecía a comparación entre os dous fenómenos e que se articula como a carga de poboación que ten que soportar un determinado concello.

Este obxectivo xeral xorde a raíz do plantexamento da hipótese que articula todo o traballo: a carga de poboación que soporta un determinado concello vén determinada pola súa poboación residente e a súa poboación vinculada.

Deste xeito, o feito de poner en relación a poboación vinculada e a residente responde ao afán de refutar esta hipótese que vistas as conclusións ás que se chegan coído que se pode dar for confirmada no sentido de que se pode establecer unha descrición parella en canto a distribución do territorio por ambos os dous fenómenos. Sendo así, coído unha das conclusións ás que se chega con esta investigación é que existe a posibilidade de combinar diferentes fontes, neste caso a poboación vinculada e a residente, co fin de poñer en relación estes fenómenos.

En relación con isto, este estudo serviu para comprobar que este tipo de análises son útiles para obter unha descrición da carga de poboación “real” que soporta un determinado concello, atendendo á poboación residente e a vinculada.

A utilidade ou fin último desta consecución de obxectivos pode concebirse como a posta en práctica de políticas ou medidas sociais, en especial no eido do transpote e no dos servizos sociais, e que grazas a esta investigación se pode visualizar a carga de poboación dun determinado concello, unha

información a ter en conta moi importante.

De todos os xeitos, hai que matizar que as posibles desvantaxes ou limitacións deste traballo sexan, principalmente, o emprego do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001 como principal fonte de datos, pois hai que recoñecer que os datos quedan desactualizados con respecto ao presente 2013, pero a razón deste desfase atende simplemente á falta de disposición de datos máis recentes, pois o último Censo do 2011 eliminou esta categoría de estudo, no propio cuestionario.

Con todo, coido que o resultado final derivou nun traballo que, tentando de ser exhaustivo e analítico, cumpriu os obxectivos fixados e obtivo unas conclusións favorables ao plantexamentos inicial.

VI. Referencias bibliográficas

Caixanova (2007). *Atlas Socioeconómico de Galicia Caixanova 2007*. Caixanova.

Dalda, Juan Luís, G. Docampo, Manuel e G. Harguindey, Javier (2005). *Cidade difusa en Galicia*. Xunta de Galicia. Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Dirección Xeral de Urbanismo.

Eirín Nemiña, J.A. et al. (2008). *As áreas supramunicipais da provincia da Coruña. Investigación urbanística*. A Coruña: Deputación da Coruña

Franco, Elena e Goio Etxebarria (2005). “La función del sistema de ciudades en el desarrollo regional. Potencialidad y limitaciones de la región urbana polinuclear vasca”, *Economiaz: Revista vasca de economía*, N° 58, 2005. pp. 232-261.

García Docampo, Manuel (2003). *A construción social do territorio galego*. Santa Comba (A Coruña): tresCtres.

García Docampo, Manuel e Raimundo Otero Enríquez (2012). “Transición territorial: modelo teórico y contraste con el caso español”, *REIS: Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, N° 139, 2012, pp. 133-162.

Goodal, Brian (1977). *La economía de las zonas urbanas*. Madrid: Instituto de Estudios de Administración Local. Colección: “Nuevo urbanismo”.

Gutiérrez- Domènech, María (2008). “¿Cuánto cuesta ir al trabajo? El coste en tiempo y dinero”, *Documentos de Economía “La Caixa”*, N° 11.

Jiménez, Mare Andrea (2009). “Potencialidades de la medición de la movilidad cotidiana a través de los censos”, *Notas de Población*, N° 88, CEPAL.

Llano Verduras, Carlos (2006). “Localización residencial y movilidad laboral: un análisis del “commuting” de trabajadores nacionales e inmigrantes en la Comunidad de Madrid”, *Cuadernos de Economía: Spanish Journal of Economics and Finance*, Vol. 29, N° 81, 2006, pp.. 69-100.

Módenes, Juan A (2008). “Movilidad espacial: uso temporal del territorio y poblaciones vinculadas”. *Estudios Geográficos*, Vol. 69, N° 264.

Precedo Ledo, Andrés, Alberto Míguez Iglesias e M^a Isabel Fernández Justo (2008). “Galicia: el tránsito hacia una sociedad urbana en el contexto de la Unión Europea”. *Revista Galega de Economía*. Vol. 17 N° Extra 3, pp.. 89-108.

Racionero, Luís (1978). *Sistemas de ciudades y ordenación del territorio*. Madrid: Alianza Editorial.

Vinuesa Angulo, Julio (2005). “De la población de hecho a la población vinculada”. *Cuadernos geográficos de la Universidad de Granada*, N° 36, 2005 (Ejemplar dedicado a: La población española: nuevo siglo, nuevos datos, nuevos perfiles), pp.79-90.

Viñuela Jiménez, Ana, Esteban Fernández Vázquez e Fernando Rubiera Morollón (2012). “Una

aproximación input-output al análisis de los procesos centrípetos y centrífugos en Madrid y Barcelona”, *ACE: architecture, city and environment*, N° 48, pp. 139-162.

Atlas Estadístico de Áreas Urbanas de España (2006)

<http://www.fomento.gob.es/NR/rdonlyres/416CE7FD-A6B0-431D-881B-D1F07664795E/116395/ListadoAtlas.pdf>

Consulta realizada o 28/02/2013

Censo de Población y Viviendas de 2001. Cuestionario individual.

<http://www.ine.es/censo2001/indivcasres.pdf>

Consulta realizada o 03/05/2013.